

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE ABRIL DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Abril de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-
los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba os borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os pasados días 22 e 24 de Abril.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Alfonso Díaz Quesada**, veciño de Francelos, con domicilio na rúa Cano, para que no término da Portalaxe, do devandito lugar poida construír unha vivenda unifamiliar; depositará unha fianza de 80.000 pesetas para responder da reposición da pavimentos e demais extremos relacionados coa edificación. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa

notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 299.050 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Manuel Martínez Miguélez, veciño da Francelos, no que interesa liña para construción dunha parede cun balcón na súa propiedade sita na rúa Cano, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos municipais que di: "A solicitude é imprecisa e confusa, no terreo de referencia atópase unha edificación de B+1, deshabitada e en malas condicións e parte do terreo libre de edificacións.- Fíxanse condicións de edificación e para a edificación que pretende: Aliñación.- Unindo o extremo da vivenda sinalada co nº 16 de B+1 e a nº 7 tamén B+1.- Fondo máximo, 15 metros, cumprindo a servidume de luces e vistas e condicións de habitabilidade.- Alturas: B+1.- Fachada de pedra de granito igual co resto das fachadas.- Voos de balcóns, máximo 50 cm. con peto de fundición ou galería, altura mínima sobre rasante, tres metros.- Cuberta.- Faldóns uniformes, pendente máxima 45%"

Visto o expediente que se está a tramitar nesta Administración Local co gallo dunhas presuntas infraccións na prestación do servizo de taxi por Don Arsenio González Rodríguez; e vistas tódalas actuacións practicadas no mesmo, a Comisión Municipal de Goberno de acordo co establecido no Regulamento do Servizo Público de Autotaxi desta Concello acorda impoñer a Don Arsenio González Rodríguez unha sanción de 5.000 pesetas con apercibimento de que en caso de reincidencia darase conta ó Pleno para a posible retirada da licencia, tendo en conta que o Sr. González Rodríguez xa é reincidente.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento dos seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Circular nº 22/96, sobre limpeza de fosas de puríns.

Da Farmaceutica titular, resultado da análise mínima da auga da traída de Prexigueiro.

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración das augas do abastecemento de Ribadavia e Santa Cristina.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder á Asociación de Veciños San Francisco-Asociación unha subvención por importe de 125.000 pesetas, cantidade esta que se destinará ó pago a profesores dos grupos de baile galego e gaita que impartiron as clases no período comprendido dende Xaneiro ó 30 de Marzo.

En relación coa construción da obra denominada "Construcción da Paserela na FOZ" e segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de Xullo da Consellería de Economía e Facenda, esta Comisión por unanimidade, acorda o seguinte: A).- O compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.- B).- A obriga de asumir, unha vez recibidas provisionalmente as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.